

**MEMORIA PLAMBE**

# **FERROLEANDO POLAS RÚAS**



**BIBLIOTECA  
“ANTÓN CORTIZAS”  
CEIP ISAAC PERAL**

**CURSO 2015- 2016**

## 1 - GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS

### Obxectivos do Equipo da Biblioteca para o PXA 2015/16

A biblioteca debe ser o eixo vertebral das liñas de actuación que se leven a termo no Centro. En coordinación cos outros equipos desenvólvense as actividades programadas no proxecto:

**FERROLEANDO:** “FERROLEANDO POLAS RÚAS, FERROL QUE BONITO É”,

Acercamos o noso concello ao alumnado e afondamos no seu coñecemento.

O obxectivo xeral foi: **ANIMAR Á LECTURA A TRAVÉS DA ARQUITECTURA.**

Ademais doutros como:

Descubrimos os valores que as obras arquitectónicas nos reflectiron.



**TRABALLAR E COOPERAR EN EQUIPO:** (compoñendo planos de rúa, debuxos de fachadas,...)



## CREAMOS HISTORIAS A PARTIR DE DETALLES ARQUITECTÓNICOS.

### *A familia Romero en Ferrol*

*A historia que fioxo vou contar ten lugar no século XX, xa hai un tempo.*

*Aquí, na miña cidade, Ferrol, un famoso arquitecto decidiu construír por encargo, no barrio da Magdalena, un edificio que xamais pensou que se convertería nunha das obras arquitectónicas máis importantes da cidade.*

*Ao mellor, naqueles momentos non parecía importante ou chamativo, pero dende logo, fioxo é unha obra de arte. A min encántame ese edificio. Fixome nel sempre que paso por alí, pero a miña historia comeza cando o tenente Romero vai vivir alí coa súa familia...*

*Na mañá do luns, coas maletas xa preparadas, a familia Romero despedíase do seu pazo. A Susi, unha preciosa nena de seis anos, non lle gustaba despedirse do bambán que había no xardín, pero a súa nai, María, conseguiu baixala deste.*

*Dirixíanse ao peirao para ir cara a súa nova cidade, Ferrol, e á súa nova casa que mandara construír o seu avó, que con tantos cartos contratara a Rodolfo Ucha, o gran arquitecto daqueles tempos.*

*Xa no embarcadoiro, os Romero esperaban ao capitán Grus.*

*- Cando chegue, débedes saudalo como vos expliquei. De acordo? - dícialle María aos seus fillos, tan trastes.*

*Elles non contestaron, mais María entendeu o "si" tan silencioso.*

*Grus acababa de chegar co seu famoso barco que facía a viaxe desde Coruña ata Ferrol. Xusto despois de saudalo, o capitán non puido evitar fixarse nos dous fermosos rapaces.*

*Xa subiran ao barco e...*

*-Temos que saltar!!! - dixo Susi - Este non é o barco de Grus!!!!*

*- Fala baixo! - dixo Paco, o seu irmán - Creo que nos espían!!!!*

*- Non digades parvadas!!! - Dixeron o pai e a nai ao unisono - Só entramos polo lado contrario á última vez que viñemos.*

*E era certo, pois pediran o mesmo camarote que na súa viaxe anterior a Ferrol e tiveron que percorrer o barco de babor a estribor.*

*O tenente xa coñecía de sobra os castelos que verían ao chegar á entrada da ría, entón decidiu preparar un discurso para contarlles a todos, aínda que lle costou traballo reuni-los.*

*Dixollés:*

*- Rapaces, dentro de media hora pasaremos por uns castelos. Vouvos falar deles. Son o castelo de San Filipe, o da Palma e o de San Martín (xa derruído) dos que penduraba unha grossa cadea que bloqueaba a entrada aos barcos inimigos. O de San Filipe foi unha das fortalezas militares da ría de Ferrol. Foi construído no século XVI por encargo do rei Filipe II, de aí toma o seu nome...*

*Seguiu falando e, de súpeto, dixo:*

*- Aquí os tedes!! Fixádevos ben neles!*

*Pouco despois, chegaban ao peirao. Desembarcaron e foron cara a súa casa, a casa Romero.*





*Era unha casa moi grande de tres plantas. Na primeira estaban a sala de estar, a cociña e un cuarto de baño.*

*No medio da inmensa sala había unha gran alfombra e, no medio, unha gran mesa de mármore con sofás tapizados en cor granate.*

*Ademais, as grandes ventás daban de cheo ao teatro Jofre.*

*O cuarto de baño era grande e moi fermoso cun lavabo recuberto de mármore de Carrara.*

*Na segunda planta había tres cuartos, un de matrimonio e, os outros, para os dous irmáns. No cuarto de Susi, había un precioso baúl de madeiras nobles no que gardaba as súas bonecas.*

*Ao día seguinte, recibiron a visita dos avós que tamén vivían na cidade, aínda que noutro edificio, a casa Pereira. Tamén chegou con eles un home descoñecido e que o avó presentou rapidamente:*

- *Este é Rodolfo Ucha, o arquitecto que deseñou esta casa co seu estilo modernista.*

*Os rapaces saudárono e, pouco despois, descubriron que ían ir todos a un lugar fermosísimo, que estaba xusto fronte a súa casa, o teatro Jofre.*

- *Veremos a actuación dun mago, din que é moi bo. Chámase... chámase... O GRAN ESCAPISTA!!! O seu nome é Erik Welsz. Tamén o chaman Harry Houdini. Imos xa, que case imos chegar tarde ao espectáculo! - díxolles María.*

- *Outro edificio desta cidade coa marca de Rodolfo Ucha - explicou, xa na rúa, o señor Romero referíndose ao teatro.*

- *Que fermosos frescos hai no teito! - dixo Susi que era unha entusiasta da decoración.*

- *O mago acaba de meterse no débuxo!!! - berrou Paco*

*A partires de aí, algo estraño ocorreu no escenario.*

*Nese instante saíron grandes lapas de cor azul.*

- *É lume fatuo, vains torrar! - berrou forte Paco, que sabía moita mitoloxía e tiña moito medo.*

*As lapas seguíanse a estender e, delas saíra un dragón de ollos amarelos, pel branca e unhas bonitas e enormes ás; pero, o que máis destacaba nel, era o seu carácter manso; deixábase tocar e ver polas persoas do teatro.*

*A medida que camiñaba por alí, Paco buscaba algo no seu libro de mitoloxía, que levaba sempre metido no peto da chaqueta. Cando o atopou, púxose a ler a páxina e, despois preguntoulle a Susi:*

- *Gustaríache ver a Harry Houdini actuar?*

- *Siiiiii! - respondeu ela cun sorriso na boca.*

- *Pero, como imos velo se está no débuxo do teito?*

- *Le este parágrafo desta páxina - díxolle Paco amosándolle o libro.*

*Susi, en voz baixa, leu:*

*"Os dragóns brancos poden lanzar conxuros, sempre que se pidan con amabilidade"*

*Entón, cando o dragón pasou ao seu carón, díxolle:*






- *Dragón, poderías sacar ao mago dos frescos do teito, por favor?*

*O dragón non respondeu. Cantou unhas melodiosas notas e desapareceu. Nese mesmo momento, o mago volveu ao escenario.*

*Hora e media despois, a familia Romero e Rodolfo Ucha saían do teatro cun sorriso de satisfacción. Ao chegaren a casa, os avós e o arquitecto marcharon de contado e a familia quedou a soas. Despois de cear, fóronse deitar, dando así por rematado o primeiro día na cidade.*

*Desde aquel día o Jofre acadou moita popularidade e todos querían ir, por ver se volvía aparecer o dragón; mais a súa pegada quedou agochada ... polo momento.*



*Alumnado de 5º B*


## OS MÉRCORES POÉTICOS

Continuamos con esta iniciativa un ano máis dedicando os mércores do plan lector á poesía. Cada ciclo tivo na mañá dos mércores copias dos textos que foron lidos durante o tempo do plan lector. Adoitan logo de lelos, recortalos, pegalos no caderno correspondente (galego, castelán) e decoralos co que lles suxira o poema.


Unha nova iniciativa foi a creación propia de poemas, que colgaron no taboleiro asignado a este fin, sendo algún deles escollidos para ser lido nos mércores poéticos. Isto motivou moito a creación literaria.




EXEMPLO DE POEMA CREADO POLO ALUMNADO DE SEXTO DESPOIS DE FACER O PASEOS POLAS RÚAS DA CIDADE.




A maxia de Ferrol





Venres, nove da mañá,  
imos dar un paseiño;  
edificios modernistas  
agardando no camiño.



Visitamos moitas prazas,  
rúas, casas e demais;  
diligencias diferentes,  
sempre tan excepcionais.






Tantas fotos que sacamos!  
portas, timbres e balcóns;  
que, en plástica, xa temos  
de traballos un montón.





Collado, na rúa Santos,  
por quendas nós visitamos.  
Ata Canido chegamos  
e quedamos fascinados.




Aprendizaxe variada  
con mates, xeometría,  
barro, óleo, acuarela  
e saúde para a vida.




Moitos cadros con escenas,  
cadros e cadros fermosos;  
chamaron moito a atención  
do noso infantil corazón.




Pintou un cadro con óleo  
que semella acuarela;  
á catedral mindoniense  
vai doar a "Última cea".



Os cadros son moi alegres,  
con liñas imaxinarias,  
aportando movemento  
e de cores moi variadas.



Tamén ten isostele un cadro,  
retrato da súa muller;  
cuns ollos azuis preciosos,  
mirando ao atardecer.



Primeiro idea un boceto,  
agrúndalo e xira o papel;  
dúas visións diferentes  
e os cadros quedan moi ben.








Ceramista, a muller,  
finas mans cun gran poder,  
traballou a cerámica  
como se fora papel.





Xa tiña cincuenta anos  
cando o labor iniciou.  
"Non deixades de facer  
o que sempre vos gustou".





Xosé González Calado  
non é un pintor calquera,  
é un artista de primeira  
que domina a acuarela.



Na sala da exposición  
tiña cadros moi diversos,  
obra única e superior  
dun grandísimo maestro.



O primeiro ferrolán  
que as nosas rúas pintou,  
escenas tradicionais  
e galegas desenhou.




Con case noventa anos  
conserva toda a memoria;  
estando á súa beira  
unha gran lección de historia.



Formas ó lugar dos cadros,  
formas ó lugar das soños;  
descubrimos que o cerebro  
é o computador máis valioso.








De volta ao colexio  
pasamos polo mercado,  
moitas cousas aprendemos  
sobre carnes e pescado.



Voltamos ás nosas casas  
satisfeitos e contentos,  
coñecendo un pouco máis  
deste singular concello.



Excursións coma esta  
teríamos que facer máis,  
porque se aprende moito  
e pasámolo xenial.





### Elisa, a poeta

Erase unha vez unha poeta que era tan pobre, tan pobre, que tiña que vender as súas poesías ao lado do hotel Suízo.

Gustáballe tanto ese hotel que se lle desen un diñeiro para poder ir, aínda que só fose un día ou dous, quedaría moi satisfeita. Nunca entrara e, preguntábase como sería por dentro.

Un día un señor ostentoso, con bigote e un bonito bombín, preguntoulle se podía lerlle unha das súas poesías, xa que buscaba inspiración. Ela asentiu, e a el gustoulle tanto, que a invitou a cear e pagoulle unha pequena cantidade de diñeiro.

Eses cartos empregounos en mercar un novo caderno, outro lapis, e para poder facer realidade ese soño que tiña: pagar unha estadia de dous días no hotel.

No tempo que estivo alí aloxada, Elisa Pereira escribiu moitas poesías tendo como fonte de inspiración as fermosas lámpadas, os antiquísimos cadros e os luxosos salóns.

Pero a última noite que pasou alí mirou pola ventá antes de deitarse, como tiña por costume e, ao levantar o viso, viu moitas familias vagabundas pedindo comida ás ostentosas familias das casas que había preto do hotel.

Iso fíxolle recordar a súa infancia. Naquel tempo tivera que estar na Casa Cuna, debido á pobreza que había na súa casa. Sempre que lembraba aquela época sentíase moi triste porque lle traía moi malos recordos.

Malia todo, atopárase cunha moi boa amiga, Almudena. Ela ensináralle a amar a literatura e, sobre todo, a poesía; disto, Elisa estaba moi agradecida.

Despois de recordar eses malos momentos, Elisa deuse conta de que esas familias estaban a pasar peor que ela e iso serviulle de fonte de inspiración para crear unha nova poesía.

A mañá seguinte, saíndo do Suízo, topou de novo co señor ostentoso do bonito bombín. El preguntoulle se escribira máis poesías, xa que parecíanlle fermosísimas e quería ler algunha. Ela díxolle que escribira moitísimas e, sen pensalo dúas veces, deulle a máis nova de todas.

Cando rematou de lela quedou abraiado, xa que non atopaba palabras para describir a fermosura daqueles versos. El díxolle que era a mellor de todas as poetisas que tiña coecido, e que a súa obra acadaría un éxito mundial.

E así foi. Unha semana despois, recibiu moito diñeiro e un traballo cunha paga mensual, cousa moi estraña e difícil naquel tempo, xa que as mulleres, polo xeral, non saían traballar fóra da casa.

Pasados uns días, foi visitar o orfanato e deixou en doazón a metade da súa paga para que os rapaces poidesen aprender literatura e para que lles ensinasen a amar a poesía.

Sempre que podía achegábase ata alí e pasaba tardes enteiras recitándolle aos "seus nenos", como ela lles chamaba, as súas poesías.

Un bo día, ao chegar ao seu traballo, tiña unha nota escrita enriba da súa mesa. Nela dicía que tiña que presentarse aquela mesma tarde na recepción do hotel Suízo para un asunto moi importante.

Cando chegou alí, viu que quen estaba agardando por ela era o home que lle dera o emprego que agora tiña, pero estaba acompañado por un amigo que lle pediu que recitara algunhas das súas poesías. Este quedou tan engaiñado por aqueles versos que Elisa recitaba, que ofreceulle publicar un libro con toda a súa obra escrita ata aquel momento, pois este home era editor. Ela enmudece, pechando os ollos e pensando en todas as cousas boas que lle ocorreran desde que puxera os pés por vez primeira nese hotel, o hotel dos seus soños. Pasados uns segundos, recuperou a fala e accedeu á proposta.

O seu libro acadou moito éxito e foi o primeiro de moitos máis. Tanta foi a fama que ata o mesmo Rodolfo Ucha quixo agasallala cunha das casas deseñadas por el. Ela aceptou poñéndolle unha única condición: que tivese grandes ventás para que entrase moita luz natural.

E así o fixo. Ofreceulle a casa na que Elisa estaría ata a súa morte e que lle chamou "Pereira", como agasallo a esta muller que o arquitecto tanto admiraba.



Alumnado de 5ºA

Foron quen de empatizar coa propia obra, desenvolvendo sentimentos e emocións que nos fagan acercarnos e entender aos artistas.

Concienciamos ao alumnado co coidado do patrimonio artístico: limpeza de rúas e fachadas, reciclaxe de todo tipo de residuos nas súas casas, ...

Interpretaron plano da cidade: fixeron rutas máis ou menos longos segundo os diferentes niveis



Por outra banda, do que o equipo da biblioteca pretendeu, cremos que adquiriron as competencias lingüísticas a través da:

Presentación nas aulas de todas as novidades adquiridas para a biblioteca.

Contacto con autores e escultores.

Xogos de adiviñas, trabalinguas...

Dramatizacións.

Obradoiros creativos de poesía, teatro...

Lecturas individuais ou en grupo dos textos fixados no itinerario lector.

Lectura a través da rede.

Cremos que tal e como foron prantexados para este curso en grande medida foron alcanzados, uns con máis satisfacción que outros.

## 2 – HORARIO DA BIBLIOTECA

Mantívose como nos cursos anteriores:

- **Coordinador:** 1 sesión de 50m + 1 sesión conxunta co grupo dinamizador.
- **Compoñentes do grupo:** 1 sesión para reunión conxunta. 4 profesores teñen 1 sesión máis

Opinamos como en cursos pasados que os recortes en profesorado, a actuación noutros ámbitos educativos como apoios e máis gardas, supuxo que na sesión que tiñamos en común non dese tempo nada máis que a programar as actuacións. Despois os materiais a elaborar, a preparación dos espazos, preparación da actividade, difusión, etc, **tivo que ser feita na casa, en tempo persoal e familiar ou en tardes extras no centro.**

- Cada aula: Dispuxo 1 sesión semanal que escolleron ao seu gusto, para ir á biblioteca.
- Empréstitos e consultas: Todos os recreos, menos os venres, axudados en todo momento polo alumnado de 6º de primaria
- Profesorado de vixilancia: Houbo dúas profesoras alternándose nos días da semana.

## 3 – ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

- Seguimos a facer **fincapé** na dificultade que supón dinamizar e levar a termo actividades en calquera centro con elevado número de alumnado. Temos que buscar *actuacións sinxelas para o gran grupo e as de visita de autores, pintores, inauguración biblioteca, etc. hai que facelas en pequenos grupos* (por niveis); co conseguinte cansazo para o relator, que ten que repetirse moitas veces. Tamén atopamos dificultades para atopar profesorado que axude ou substitúaa que vai coordinar a actividade (todos están co horario cuberto). Así que ás veces é untraballo extenuante.
- Para programar as actividades do Centro formáronse tres grupos dinamizadores: Grupo de Convivencia, grupo de EDLG, grupo da Biblioteca. En todos eles hai profesorado de cada ciclo e teñen un coordinador.
- Unha vez á semana estes coordinadores reúnen co Equipo Directivo para expoñer as súas actuacións e o modo de levalas a cabo, tendo en conta todas as dificultades xa citadas.
- Nestas reunións, dende a Biblioteca, invítase a que as actividades teñan relación co noso proxecto, aportándose lecturas, información demandada, actividades de índole parecida que moi amablemente ceden os colexios do Plambe...
- Neste apartado están reflectidas todas as actividades propias da biblioteca e brevemente aquelas nas que a biblioteca aportou material, propostas, etc.

Case o 100% están colgadas na web, así que de aquí en adiante ímolos recoller para que se vexa o traballo realizado



# APERTURA DA BIBLIOTECA




FERROL, QUE BONITO É!



Apertura da Biblioteca  
Antón Cortizas  
2015 – 2016  
CEIP ISAAC PERAL

Ola, a que vos sorprendeu o bonito que é Ferrol?  
Animádevos a pasear polas súas rúas e descubrir toda a súa beleza!  
Traédeo de volta ao cole para ver se acertastes!





Amparado polo Ministerio de Educación, C. e D., o 24 de outubro é recoñecido como o Día da Biblioteca. Mais, as bibliotecas escolares celebran todos os días a súa existencia, froito dos esforzos das comunidades educativas que as poñen en pé.

**Biblioteca Escolar, base de exploracións** foi o lema elixido este curso 2015/2016 para o cartel da campaña anual de bibliotecas escolares.

No ISAAC PERAL tamén tivemos un lema para este curso:

**“Ferroleando polas rúas: Ferrol que bonito é”**

Intentamos que a nosa cidade fose "base de exploracións", que nos invitase ao descubrimento e nos animase a ler

Todo o alumnado levou para a súa casa un **díptico**, para pedirlle á familia que os levasen de paseo pola cidade, a ver se atopaban os lugares que figuraban nas imaxes, e así poder escribir o nome de cada sitio. **E menudos "detectives" resultaron!**

**APERTURA DA BIBLIOTECA**

Amparado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, o 24 de outubro é recoñecido como o **DÍA DA BIBLIOTECA**.  
Mais, as bibliotecas escolares celebran todos os días a súa existencia, froito dos esforzos das comunidades educativas que as poñen en pé.

**"BIBLIOTECA ESCOLAR, BASE DE EXPLORACIÓNS"**  
é o lema elixido este curso 2015/2016 para o cartel da campaña anual de bibliotecas escolares.

O ilustrador e autor de banda deseñada FRAN BUENO foi o encargado de poñer imaxe ao lema desta campaña.

No colexio ISAAC PERAL tamén temos un lema para este curso:  
**FERROLEANDO POLAS RÚAS:  
FERROL, QUE BONITO É!**

Intentamos que a nosa cidade sexa "base de exploracións", que nos invite ao descubrimento e nos anime a ler.

Os nenos e nenas fixeron murais alusivos ao tema.

O día 24 todo o alumnado foi pasando pola biblioteca **"ANTÓN CORTIZAS"**.





Na presentación preparada para eles puideron ver xoias arquitectónicas de Ferrol que lles fixeron exclamar:  
**"Ferrol, que bonito é!"**.




Todo o alumnado levou para a súa casa un **díptico**, para pedirlle á familia que os levasen de paseo pola cidade, a ver se atopaban os lugares que figuraban nas imaxes, e así poder escribir o nome de cada sitio.  
**E pequenos "detectives" resultaron!**



**Grazas, familias,** por colaborar e animar á lectura!


Para rematar a festa da biblioteca, ao final cantaron "O BLUES DE FERROL", -letra composta por Fernando, profesor do noso cole-

**¡FÁCIL PARA PODER LER!**



**E vamos de festa en festa, porque chega O SAMAIÑ.**

A biblioteca sempre espera a túa visita, e xa che ten gardado para estes días unha morea de libros que parecen de moito medo...



**Entra, e escolle algún!**

**E recordade o que vos dicimos sempre:**

*Se non les, non pasa nada...  
pero se les, pasan moitas cousas!*

PRIMER NA IMAXE PARA VER MÁIS FOTOS DESTA ACTO



<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/node/1070>

# MOCHILAS VIAXEIRAS

## MOCHILAS VIAXEIRAS

Chegado novembro, **Peraliño** invítanos a poñer en marcha as **MOCHILAS VIAXEIRAS: "libros que van e veñen"**.



As mochilas viaxeiras pretenden ser unha experiencia compartida de lectura en familia que emana da escola e entretece unha rede de ilusións entre a aula, o profesorado, o alumnado e, por suposto, as familias que a reciben na casa.



*Son unha forma de provocar situacións de lectura na casa.*

### **CONTIDO**

*A mochila viaxeira leva materiais impresos e audiovisuais que viaxan de familia en familia, permanecendo unha semana en cada casa, para desfrute de todos.*

*Lévana cada xoves e deberán traela o mércores da semana seguinte.*

*Cada grupo familiar úsaa libremente da forma que máis lle guste.*

### **PARA QUE SERVEN?**

*Promocionan a lectura, as bibliotecas escolares e públicas.*

*Motivan tanto aos nenos e nenas da clase coma as familias a compartir momentos de lectura, comunicación e afecto.*

*Fan sentir a cada neno ou nena certo protagonismo dentro da actividade.*

*Crean situacións compartidas de expresión de opinións, sentimentos, emocións, lectura, visualización de vídeos, audición de cancións.*

*Axudan a que os máis pequenos se sintan responsables. O feito de ter ao seu cargo este material durante unha semana faraos comprender que son capaces de asumir unha responsabilidade.*

# BONECOS PARA O DESENVOLVEMENTO



## BONECOS PARA O DESENVOLVEMENTO



O pasado 17 de novembro, os alumnos de 1º e 2º de Primaria recibimos a visita de FREDO FOX, un simpático xornalista que traballa no programa "ENRÉDATE" de UNICEF. Nunha hora, FREDO amosounos a realidade de nenos que non teñen cubertas as necesidades básicas, que son esenciais para levar unha vida digna. Animounos a ser solidarios cos dereitos dos nenos máis necesitados. Nós comprometémonos a participar na igualdade de oportunidades, poñendo o noso nome nun globo terráqueo; e o programa "ENRÉDATE" agasalounos cun pin que trasmitía unha mensaxe de esperanza.

VELAÍ TEDES AS FOTOS DA CHARLA.




SE QUEREDES VER MÁIS FOTOS, PREMEDE NA IMAXE DE ABAIXO!



E AGORA PODEMOS VER O VÍDEO QUE QUE NOS PRESENTOU FREDO NA CHARLA



E PARA REMATAR, PROPONÉMOSVOS FACER ESTE PUZZLE



<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/node/1089>



No tempo de ler eliximos para o "Mércores Poético" para todos os niveis dende 1º a 6º de Primaria, un poema de Jannier Morales relacionado con este tema.

**DÍA DOS DEREITOS DA INFANCIA**

**20 DE NOVIEMBRE**

Esta semana no noso preparámonos para a conmemoración DOS DEREITOS DA INFANCIA que se celebra en todo o mundo cada 20 de novembro. No tempo de ler eliximos para o "Mércores Poético" para todos os niveis dende 1º a 6º de Primaria, un poema de Jannier Morales relacionado con este tema.



**Estos son nuestros derechos**

Los derechos de la infancia  
no se escriben en la arena  
porque se los lleva el agua  
cuando sube la marea.

Que no se olviden en libros  
cerrados por mucho tiempo,  
que no se digan al aire  
porque los arrastra el viento.

En todos los corazones  
que queden siempre grabados,  
éstos son nuestros derechos,  
nunca deben olvidarlos.



El derecho a la igualdad  
y a tener identidad,  
a sentirse protegido  
y a vivir en bienestar.

Que tenga el que necesita  
una especial atención  
y que no falte el respeto,  
el amor, la comprensión.

Que estén siempre aseguradas  
la salud, la educación,  
que seamos los primeros  
si hace falta protección.

Ni los niños ni las niñas  
deben ir a trabajar  
y lo que más precisamos  
es poder vivir en paz.

JANNIER MORALES

Para rematar... un pequeño juego sobre los derechos dos nenos e as nenas. Premiar na imaxe para acceder



Los derechos de la infancia  
no se escriben en la arena  
porque se los lleva el agua  
cuando sube la marea.

Que no se olviden en libros  
cerrados por mucho tiempo  
Que no se digan al aire  
porque los arrastra el viento.

En todos los corazones  
que queden siempre grabados,  
éstos son nuestros derechos,  
nunca deben olvidarlos.

El derecho a la igualdad  
y a tener identidad,  
a sentirse protegido  
y a vivir en bienestar.

Que tenga el que necesita  
una especial atención  
y que no falte el respeto,  
el amor, la comprensión.

Que estén siempre aseguradas  
la salud, la educación.  
Que seamos los primeros  
si hace falta protección.

Ni los niños ni las niñas  
deben ir a trabajar  
y lo que más precisamos  
es poder vivir en paz.

JANNIER MORALES

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/node/1088>

# ENTROIDO0 entroido que recolleu mandados



## MANDADOS DO ENTROIDO



### LUNS

Este ano o entroido dedicámolo a Ferrol, e dos seus edificios falaremos un montón. Castelos temos na ría, que os podes ver hoxe en día, San Felipe, A Palma, San Carlos, Todos, todos, todos, debemos de conservalos. Nos castelos hai pantasma? Cabaleiros e grandes damast Usa a imaxinación e disfrázate para a ocasión.



### MÉRCORES

Personaxes ilustres tivemos, que Ferrol embeleceron cun barrio moi elegante para a xente moi importante. Quédanos a Magdalena, coldaremos moito dela! É así como Ferrol lembrará a Ilustración. O plano da Magdalena, propón o seguinte tema, como as nías son tabletas participa desta festa. De chocolate virás e a todos endozarás.



### MARTES

No barrio de Ferrol Vello, a cidade antiga está, pero con moitas ideas podémolo mellorar. No peirao de Curuxeiras os veciños celebran A Parrocheira. Velliño e destartalado, máis fermoso e visitado, con cariño hai que tratalo. Ten unha idea brincadeira e vistete de peixeira ou leva calquera obxecto da nosa vida mariñeira.



### XOVES

Do Modernismo en Ferrol, temos casas a mogollón. Ucha e outros arquitectos souberon realizar estes grandes proxectos. Para lembrar estes feitos vestíronnos a xeito, de albanets e pitones, arquitectos ou apañelladores, ou calquera profesión do ramo da construción.



Comezamos a semana do entroido cos mandados, o venres tivemos a festa do entroido con desfile, degustación de produtos típicos e baile do entroido. Pasámolo moi ben.

Rematamos á volta de vacacións coa queima do entroido.



<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/node/1117>




# DÍA DE ROSALÍA

O 24 de febreiro, celebramos no colexio o día de Rosalía de Castro. A través dos versos da "Chorona" facemos unha viaxe pola paisaxe galega, envolta en música de paxaros, de ríos, de fontes e de bágoas provenientes de mulleres e homes que abandonaron a súa terra, por mor da fame, que azoutou Galicia, a mediados do século XIX.

Este ano, os nenos e nenas do noso colexio estudamos na clase o poema "ALBORADA", coa finalidade de recitalo no patio, o día da homenaxe. Ademais ilustramos o poema xa mencionado, nunha tarxeta postal proposta pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega. Deseguido enviamos a tarxeta ás nosas familias ou amigos.

Amais, o mesmo 24 de febreiro, data de nacemento de Rosalía, cada curso dedicoulle unhas verbas á nosa escritora universal, xusto na fachada do colexio, onde tódalas mañás a escritora nos recibe.



<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/node/1119>

## **DÍA INTERNACIONAL DA MULLER**

Foi un bo momento para reflexionar acerca dos avances logrados, pedir máis cambios e celebrar a valentía e a determinación de mulleres de a pé que xogaron un papel crave na historia dos seus países e comunidades.

O lema de 2016 para o Día Internacional da Muller foi **«Por un Planeta 50-50 en 2030: Deamos o paso para a igualdade de xénero»**.

O 8 de marzo o grupo de observación das Nacións Unidas reflexionará sobre como acelerar a Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible para impulsar a aplicación efectiva dos novos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Así mesmo, centrarase en novos compromisos dos gobernos baixo a iniciativa «Deamos o paso» de ONU Mulleres e outros compromisos existentes en materia de igualdade de xénero, o empoderamento das mulleres e os dereitos humanos das mulleres.

Algúns dos obxectivos clave da Axenda 2030:

- Para 2030, velar por que todas as nenas e todos os nenos terminen os ciclos do ensino primario e secundaria, que ha de ser gratuíta, equitativa e de calidade e producir resultados escolares pertinentes e eficaces
- Para 2030, velar por que todas as nenas e todos os nenos teñan acceso a servizos de atención e desenvolvemento na primeira infancia e a un ensino preescolar de calidade, a fin de que estean preparados para o ensino primario
- Poñer fin a todas as formas de discriminación contra todas as mulleres e as nenas en todo o mundo
- Eliminar todas as formas de violencia contra todas as mulleres e as nenas nos ámbitos público e privado, incluídas trátaa e a explotación sexual e outros tipos de explotación
- Eliminar todas as prácticas nocivas, como o matrimonio infantil, precoz e forzado e a mutilación xenital feminina.

Outra actividade ligada ás letras, e por tanto á Biblioteca foi a de acudir a ver unha obra de teatro.



# ENCONTRO CON AUTORES

## VISITA DE AUTORES



Collado e Esperanza Piñeiro



Contacontos E. Infantil



Teresa González



Ánxela Loureiro



Juan Babarro e Ana Mª Fdez



Yolanda Castaño



Antón Cortizas



García Teijeiro

Antonio Reigosa

Pérez Porto


Carmen Romero

# COLLADO E ESPERANZA PIÑEIRO NO ISAAC PERAL

## DESCUBRINDO FERROL

Continuando co proxecto FERROL, QUE BONITO É!, o alumnado de 6º de Primaria saíu polas rúas da cidade para recrearse coas cousas que, ben miradas, son un tesouro.

Os propios alumnos versan e ilustran o percorrido que fixeron.



Disfrutando coas obras e a conversa do pintor GONZÁLEZ COLLADO



E días máis tarde, **Esperanza Piñeiro**, autora de "UN MAR DE LEYENDAS", estivo no colexio acompañada de **Collado**: ilustrador do libro.





# "FELIZ FERROZ": CONTACONTOS PARA EDUCACIÓN INFANTIL



## FELIZ FERROZ

Martes, 8 de marzo: os nenos e nenas de Educación Infantil disfrutaron dunha sesión de contacontos na biblioteca "Antón Cortizas".





Esperábaos **IAGO LÓPEZ**, que traía na súa maleta un conto:

**Feliz Feroz**  
O loboño riquiño



Cóntalles que "a irma de Lobo Feroz está moi preocupada: o seu fillo non é feroz!" Faise amigo de Carapuchiña, comparte unha ensalada cos coellos, ponse a xogar cos tres porquiños...





Pero é un lobiño inxenioso e logra fabricar un pastel...

E con esta receta consegue cambiar o destino de toda a súa familia, que deixa de ser "feroz" para converterse en "feliz".

-Parece moi doada. Quen se anima...?-



**GRAZAS** a Iago e a Ed. Xerais por divertirmos e animar á lectura con este conto de ensinanza tan axeitada: deixar de ser feroz e apuntarse á felicidade!!!

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/node/1123>



# ÁNXELA LOUREIRO

## ÁNXELA LOUREIRO



Martes, 15 de marzo: **ÁNXELA LOUREIRO** visitou o noso Centro.

Ánxela naceu en Ferrol. É unha mestra á que lle encanta escribir, cantar e animar as reunións.



Os nenos e nenas de 3º de Primaria esparábane na biblioteca. Alí conversaron con ela sobre o libro "Ota quere voar". Ota é unha gaivota valente e curiosa que vive moitas aventuras.



Falounos de como se fixo escritora: inventando un conto para o seu fillo sobre caracois, "Viaxe de ida e volta", para que aprendera a respectalos.



Os nenos e nenas recibiron a Ánxela cunha canción, e a autora tamén animou a conversa intercalando cancións e xogos inventados alí mesmo. Un exemplo foi este poemaña:



"Son un ledo caracol,  
vaia chuvia, vaia sol.  
Eu tamén son moi feliz,  
polas follas e a raíz".



DESPEDIRON A ÁNXELA CON PEQUENOS AGASALLOS FEITOS POR ELES. ELA ASINOLLES OS LIBROS.



<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/node/1128>



## VISITANOS

TERESA GONZALEZ COSTA

O xoves, 17 de marzo, o CEIP ISAAC PERAL recibiu a visita de Teresa González Costa, que chegaba de Francia.



A autora do libro "A FILLA DO LADRÓN DE BICICLETAS" reuniuse con nós, alumnos de 5º.

Teresa falounos de si mesma, das súas vivencias, dos seus soños e mesmo dos agasallos da súa primeira comunión.



Animounos a falar con ela do seu libro e das personaxes do mesmo, e explicounos aspectos interesantes da historia nos que, a maioría, non reparáramos e algúns moi relacionados coa súa vida.

Tamén cantamos unha canción en francés, adicada a CELERÍFERA, a bicicleta protagonista da historia.

Como agasallo, entregámoslle un libro que recollía os debuxos que fixéramos, baseándonos na historia, un prato de cerámica e dúas manualidades de bicicletas feitas por dous compañeiros.



Ela asinou gustosa os nosos libros e escribiu unha dedicatoria en cada un deles.



Sen dúbida unha muller encantadora

Convertiu o seu paso polo colexio nuns momentos moi agradables.

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/node/1132>



# XOÁN BABARRO / ANA MARÍA FERNÁNDEZ

## XOÁN BABARRO ANA M<sup>a</sup> FERNÁNDEZ

Os escritores, **ANA MARÍA FERNÁNDEZ** e **XOÁN BABARRO**, visitaron o noso colexio o mércores, 30 de marzo.



Viñeron para conversar co alumnado de **6º de Primaria** sobre a obra:  
**EU E NÓS DURMINDO NUN GARAXE**



Xoán e Ana M<sup>a</sup> trouxeron moitas desas cousas que nestes tempos quedan "durmidas" no garaxe.







## Cousas que parecen esquecidas, pero que cobran vida e contan historias na obra de Xoán Babarro.

Ana María contoulles que aos cinco anos xa lle gustaba escribir. Unha vez contáronlle un conto e non lle gustaba o final. Entón, **decidiu escribir outro final que lle gustase máis.**

Os rapaces comprenderon a mensaxe: **as cousas pódense cambiar:**  
*"Se ti queres, podes"*, lles dixo Ana M<sup>a</sup>.



Os alumnos e alumnas de 6<sup>o</sup> tomaron boa nota de todo. E sen demora, decidiron poñer en orde as ideas que Ana e Xoán lles deron, e foron contalas a

### RADIO CHALANA

Os autores asináronlles os libros co seu habitual agarimo.



**Grazas, Ana e Xoán!**, por ensinarnos a espertar as cousas durmidas.



<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/node/1136>

**YOLANDA CASTAÑO, 14 de abril**



**Abril, día 14. Chegou ao Isaac Peral Yolanda Castaño, e no seu atuendo máxico trouxo unha festa de palabras.**



**Falounos do seu libro: "Coller as rendas"**

**"Estamos a esvarar por unha flor quente que enche de perfume a nosa mente".**




**Os protagonistas, un grupo de animais do noso entorno, mergullaron os nenos e nenas de 1º e 2º de Primaria no fermoso mundo da poesía sensible.**



**Nenas e nenos disfrutaron do seu feitizo máxico e da fantasía.**





Yolanda fálanos da grandeza de todos estes animalíños que nos acompañan e que, cada un deles, ten un camiño por trazar. 



Entre os poemas do libro, o preferido por todos foi o da "centola Lola", que quixo ser unha rock-star.


A linda Lola  
é unha centola  
ã que lle mola  
ser rock-star.  
Non lle dan bóla,  
chámana tola,  
pero ela sabe  
que vai triunfar.

Yolanda viña acompañada polo ilustrador **XOSÉ TOMÁS**



Disfrutaron coas súas ensinanzas, e pasárono moi ben debuxando moitos animais seguindo as suxestións feitas por el.



**GRAZAS, Yolanda e Xosé Tomás!**, por nos axudar a fixarnos máis en quen vai ao noso carón. 

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/node/1144>



# ANTÓN CORTIZAS



ANTÓN CORTIZAS



- OS LAPIS MÁXICOS -

**Abril, día 21:** Os nenos e nenas de 1º e 2º de Primaria non puideron ter mellor agasallo, nas vésperas do Día do Libro, que a visita do padriño da nosa biblioteca: o escritor **ANTÓN CORTIZAS**.



**Durante o curso disfrutaron coa lectura dun dos seus libros: "O lapis de Rosalía".** Un texto cheo de fantasía e creatividade.



**Pasárono moi ben coas anécdotas que Antón lles contou sobre o libro.**



**Cando leron o libro pensaban que Rosalía tiña moita sorte de ter un lapis máxico.**

**Faltáballes algo por descubrir e Antón préstalles axuda.**

O escritor amósalles o seu lapis máxico e deixalles probalo. Todos descubriron a súa maxia. E aínda máis: **decatáronse de que todos podemos facer maxia cos nosos lapis.**



<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/node/1145>

**ANTONIO GARCÍA TELJEIRO FRANCISCO PÉREZ PORTO**  
**ANTONIO REIGOSA CARME ROMERO**

**CATRO ARTISTAS DAS LENDAS**

ANTONIO GARCÍA TELJEIRO  
ANTONIO REIGOSA



FRANCISCO PÉREZ PORTO  
CARME ROMERO

**Unha mañá de "lenda" para 4º e 6º de Primaria con  
exposición de cerámica, música e lectura.**



**Os autores, Antonio García Teijeiro e Antonio Reigosa, viñeron para compartir cos  
nenos e nenas un xogo-coloquio, facendo a narración en prosa dunha lenda e a súa traslación á  
poesía.**



**Os alumnos e alumnas recibiron aos artistas das lendas, recitando unha  
presentación en verso que fixeran nas aulas.**







Amasaron con mimo, alumiñaron, deron forma: que si unha bola, un buratiño... soplaron e... maxia! **Un chifre!** Aquilo soou, e non por casualidade, senón pola maestría de Pérez Porto e Carme.

As lendas narradas e os versos quedaron completos cando **Pérez Porto e Carme Romero**, lles deron outra dimensión que

podríamos chamar en 3D. **CERÁMICA DE LENDA**

A Francisco Pérez Porto descubrimos nun paseo por Ferrol cando vimos a súa **escultura á música** que está nos **Xardíns do Cantón**.



**Cargado de ilusión, arte...e bloques de arxila, veu ás nosas aulas de 6º para compartir unha clase maxistral de cerámica.**

**Francisco Pérez Porto, -fillo do poeta Pérez Paralié -Ferrol-, acompañado por Carme Romero, cantaron un poema do seu pai, da lenda de Roxín Rosal e a Ponte do Porco.**



<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/node/1156>



# E AQUÍ AS ENTREVISTAS EN RADIO CHALANA

Asinaron os libros dos alumnos; e autores e ceramistas deixaron tamén un pensamento nas ondas de **Radio Chalana**.



Por RADIO CHALANA  
Antonio García Teijeiro, escritor

iVOOX

Descargar | Suscribirse | Compartir | Me gusta



00:00

01:32



Por RADIO CHALANA  
Antonio Reigosa, escritor

iVOOX

Descargar | Suscribirse | Compartir | Me gusta



00:00

01:32



Por RADIO CHALANA  
Pérez Porto, ceramista

iVOOX

Descargar | Suscribirse | Compartir | Me gusta



00:00

01:32



Por RADIO CHALANA  
Carme Romero, ceramista

iVOOX

Descargar | Suscribirse | Compartir | Me gusta



00:00

01:32

GRAZAS AO "MELLOR CUARTETO" por esta mañá de lenda!





# XVI EXPOSICIÓN DO CERTAME DE POESÍA E IMAXE



Un ano máis, a Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística do Concello de Ferrol invitounos a participar no XVI Certame Poesía e Imaxe. Nós coma ven sendo habitual, participamos moi animados nesta cita coa poesía, aportando varios traballos que ilustraban con imaxinación e creatividade, poemas de diferentes temáticas. De feito, algúns dos nosos traballos tiveron a súa recompensa, pois cinco alumnas do noso colexio gañaron un premio neste certame.

Velaí mostramos os traballos gañadores.



Carla Acción Teijeiro e Luna Nogueira Basoa de 5º A



Lidia Paz Prieto, Violeta Rodríguez Bouza e Sofía González Bedoya de 4º B.



Alumnas do noso centro, xunto coas súas obras que resultaron gañadoras no “XVI Certame de Creación Artística de Poesía e Imaxe, en galego sen filtro”, organizado pola Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística do Concello de Ferrol.

# DÍA DO LIBRO

23 de abril

## Día do Libro

Cada día do curso, a lectura é como o ingrediente básico da nosa aprendizaxe. Pero chegado abril, parece como se tal ingrediente pasase a formar parte dun banquete para agasallar a autores, libros, personaxes...


A festa literaria empezou o día 2 de abril co **DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL**, coincidindo coa data do nacemento do escritor danés Hans Christian Andersen.

Este ano foi **Brasil** o país encargado de realizar o cartel anunciador de tan señalada efeméride, co lema "**ÉRASE UNA VEZ...**"



Premer para ler o relato en forma de conto da escritora [Luciana Sandroni](#) -Brasil-.

**Prefiren escoitalo?** Os **alumnos e alumnas de 4º B** prepararon a lectura e foron á nosa radio, para demostrar que se lemos moito, acabamos lendo moi ben.



## IV CENTENARIO DO PASAMENTO DE CERVANTES

**23 de abril - DÍA MUNDIAL DO LIBRO:** Un día simbólico para a literatura mundial debido a que nese mesmo día de 1616, coincide o falecemento de grandes escritores como **CERVANTES**, **SHAKESPEARE**, e **INCA GARCILASO DE LA VEGA**.



A mensaxe de Irina Bokova, Directora Xeral da UNESCO, para esta celebración mundial do libro di:

"Non hai nada como un **LIBRO**. Un libro é un vínculo entre o pasado e o futuro. É unha ponte entre xeracións e culturas. É unha forza para crear e compartir a sabiduría e o coñecemento".



**FERROLEANDO** polas rúas de moitas cidades atopámonos con que **CERVANTES** segue vivo nas letras e tamén na arte:





Preparándonos para o día 23 de abril, estivemos a ler diversos textos do Quixote.

Para os máis pequenos "DON QUIJOTE DE LA MANCHA DE FÁCIL LECTURA"



Para os maiores: "EL QUIJOTE EN VERSO"

O alumnado tamén homenaxeará a Cervantes escribindo:

## SETE PALABRAS PARA DON MIQUEL

Chegado o día faremos unha exposición no patio con todos os microrrelatos.

**E... chegou o día...**

Os nenos e nenas de cada aula colgaron as cartulinas coas frases en honor a Cervantes no patio, para que as mamás e os papás puidesen deleitarse con tanta expresión literaria!!!



**EXPOSICIÓN** : contando coa **colaboración das familias**, faremos unha exposición de obras de Cervantes na biblioteca "ANTÓN CORTIZAS".

**GRAZAS, FAMILIAS!!!**

**Unha vez máis as familias fixeron posible esta actividade.**

Nenos e nenas de todos os cursos foron ver a exposición, que sentiron como algo propio.



E mentres nos achegábase ao Día do Libro, fomos vendo... e cantando...



E vaia se cantaron! "Voces en directo"!!!




# LETRAS GALEGAS 2016

## LETRAS GALEGAS



### RECURSOS

#### BIOGRAFÍAS CON ACTIVIDADES INTERACTIVAS



#### BIOGRAFÍAS PARA DESCARGAR E IMPRIMIR

- Biografía para 1º e 2º de Primaria
- Biografía para 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria

#### OUTRAS ACTIVIDADES INTERACTIVAS




- Actividades Infantil 1
- Actividades Infantil 2
- Actividades infantil 3
- Actividades 1º e 2º
- Actividades 3º e 4º
- Actividades 5º e 6º

Actividades Seminario Galán



#### ACTIVIDADES CON POEMAS PARA DESCARGAR E IMPRIMIR



- Actividades para Educación Infantil
- Actividades para 1º e 2º de Primaria
- Actividades para 3º e 4º de Primaria
- Actividades para 5º e 6º de Primaria

#### UNIDADES DIDÁCTICAS



#### MÁIS RECURSOS



#### POEMA "O CUÇO"



<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/node/1127>



# LECTURAS DAS FAMILIAS

## AS FAMILIAS CO GALEGO

Durante os meses de abril e maio, as nosas familias tiveron a xentileza de presentarnos diferentes poemas de Manuel María. Nestas xornadas lectoras, coñecemos a paisaxe e fauna da Terra Chá, da que tanto nos falou, o escritor de Outeiro de Rei. A través das voces do nosos pais, escoitamos o cantar dun cuco e dun carro, vimos cintas de seda nun carreiro que engalanaba un caracol, un burriño que co seu frote, desafiaba ao vento que zoaba e construímos cas nosas mans un barco de xogueite no que queríamos embarcar. Entregáronnos tamén agasallos de recordo coma un marcapáxinas do carro que canta na Terra Chá, e caramelos que nos mostran a dozura dos poemas de Manuel María.

Despois de recitar os poemas nas clases, algúns pais, nais ou avós ían gravar á nosa radio. Aquí tedes unha pequena mostra.

Escoitade a unha nai como recita o poema de Manuel María "GALIZA"

Por RADIO CHALANA  
A Marola: Blanca López Moreno súbese a chalana e navega con nós

Descargar | Suscribirse | Compartir | Me gusta

REPRODUCIR 00:00 02:52

Velai as fotos destas fermosas xornadas!

Se queredes ver máis fotos destas xornadas poéticas, premede na imaxe de abaixo





Tamén as familias participan na nosa radio "Radio Chalana" e...

ANÍMANNOS A FALAR GALEGO!!!



Máis gravacións das familias na nosa Radio Chalana

E como colofón mirade este vídeo no que un avó do noso cole en compañía da súa neta preséntanos o conto "O bigote de Mimi" de Manuel María




**MOITAS GRAZAS ÁS FAMILIAS POLA SÚA PARTICIPACIÓN!!!  
AH!!!! E POLOS AGASALLOS!!!!  
AQUÍ MOSTRÁMOLOS**

**Bando**

Prohíbese, por orde da Alcaidía, que medren porque si as rosas do xardín municipal. Dende agora as pombas teñen que pedir licenza para voar.

Prohíbeseelle á lúa andar ceiba de noite polo ceo. Á lúa é unha tola que anda espida dando mal exemplo ás menas castas e aos fillos de familia.



Pagarán trabucos os poetas. Prohíbese soñar de 10 a 11. Prohíbese tamén derramar lágoas. Pódese chorar tan só cando hai sequía pra que non fiquen baldeiros os pantanos.

Un só se pode emocionarl os Xoves e os Domingos cando toca a Banda do Concello no quiosco. Están feitas de lei as estrelas, a Primavera, as flores e os paxaros. Dáse este bando en tal e cal para que se cumpra de orde do alcaide.

Asinado, carimbado e rubricado.

*Documentos persoais (1958)*


**O carro**

Non canta na Chá ningún. Por eso o meu carro canta. Canta o seu eixo tan ben que a señaridade me espanta. Non hai canto tan fermoso: fino como un asubio.

Anque é, ás veces, saudoso, false, no ar, rechouchio. O meu carro é cerna dura: sábese carballo e freixo.

¡Que fermosa a súa feitura!  
¡Que lixeira a do eixo!  
As cousas vanse aleitando por onde o meu carro pasa.  
¡Carétema herba pró gando!  
¡Traime a colleita pra casa!

*Terra Chá (1954)*







# MERCADIÑO DE LIBROS SOLIDARIOS



Os días 10, 11 e 12 de maio celebraremos un mercadillo de libros na sala de Usos Múltiples do centro.

O horario para as familias será das 16h ás 18h.



A idea xurdiu pensando na forma de motivar ao amor pola lectura, e poder achegar dun xeito máis económico libros que xa non se usan nas nosas casas, e que poden facer a ledicia doutros nenos e nenas do noso colexio.



A ANPA do centro encárgase de organizar este mercadillo, en colaboración co grupo dinamizador da biblioteca.



Esta actividade, ademais de pretender o fomento da lectura en familia, vai ser tamén un acto solidario: a recadación será entregada para os damnificados do terremoto de Ecuador.



**GRAZAS, FAMILIAS!!!** por colaborar sempre.

Finalizada a actividade "Mercadillo de libros", recadáronse **340 euros** que foron ingresados o día 20 de maio a beneficio de: **"AYUDA ECUADOR CÁRITAS"**.



<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/node/1157>



## O CONTO VIAXEIRO

O alumnado de 3º B participa, xunto con outros centros na elaboración dun CONTO VIAXEIRO



**PROTAGONISTA: JAVIER GÓMEZ NOYA**

**O sábado, 14 de maio, o pentacamión de triatlón GÓMEZ NOYA recibiu, -de mans do alcalde Jorge Suárez-, a medalla de prata da cidade de Ferrol ao mérito deportivo.**



**Promovido polo concello, doce colexios: San Xoán, Lasalle, Ponzos, Esteiro, Ludy, Cruceiro de Canido, Masdías, Valle Inclán, Belén, Recimil, Terra de Ferrol e Isaac Peral, elaboraron un conto viaxeiro con Javier Gómez Noya como protagonista.**



**No acto, que tivo lugar no Auditorio de Ferrol, dous nenos leron un conto, representando a todos os participantes. Fíxose un sorteo no Concello e saíron elixidos os colexios: San Xoán e Isaac Peral.**

*Esta iniciativa de Normalización Lingüística principiaba en marzo e participaron nenos e nenas de 2º, 3º e 4º de Primaria dunha ducia de centros públicos e concertados do municipio*

**Ferrol, 20 abril** O mellor deportista ferrolán de todos os tempos foi elixido como o protagonista desta iniciativa do Departamento de Normalización Lingüística do Concello de Ferrol, enfocada aos rapaces e rapazas de 2º, 3º, e 4º de Educación Primaria, no que tomaron parte unha ducia de centros públicos e concertados do municipio de Ferrol.

A actividade principiaba no mes de marzo no colexio Belén, seguía no Ludy, e nos CEIP de Ponzos, Cruceiro de Canido, Esteiro, Recimil e IsaacPeral, para pasar -en abril- a La Salle, o Terra de Ferrol, Manuel Masdías para rematar hoxe no San Xoán.

**O CONTO VIAXEIRO** persegue dous obxectivos: achegar e estender o emprego da lingua galega entre pequenos e pequenas do municipio e, a través deles, tamén as súas familias ferrolás dun xeito atractivo e ao tempo aumentar a presenza de recursos educativos na nosa lingua na rede.

A actividade consiste en realizar un conto ilustrado de xeito colectivo, ao longo de varias sesións, e en cada unha delas participaun grupo diferente de nenos e nenas que se encargarán de idear, escribir e ilustrar unha parte dese futuro conto. A sesión de cada grupo- cunha duración de hora e media- e desenvolverase no seu correspondente centro escolar e estrutúrase en catro partes:

1. Presentación e explicación da estrutura básica do conto (presentación, nó e final)
2. Selección da ilustración do grupo precedente
3. Elaboración da propia proposta de continuidade e das ilustracións individuais para presentarlle ao próximo grupo
4. Gravación do vídeo conto.

O Conto Viaxeiro inclúe un blog no que, ao remate da actividade en todos os centros, se difundirán os dous produtos finais, o vídeo conto e o conto en formato dixital



# ROTEIRO POLO MODERNISMO

## ROTEIRO POLO MODERNISMO



Como colofón ao proxecto da biblioteca "FERROL, QUE BONITO É", desenvolvido ao longo do curso, os alumnos e alumnas de **3º de PRIMARIA** percorreron as rúas ferrolás descubrindo aqueles edificios modernistas máis emblemáticos, e que xa coñecían en fotografías.



Sáíron cargados coas súas merendas, as súas cámaras fotográficas, un bolígrafo e un pequeno caderno coas fotografías dos edificios que tiñan que atopar para descubrir aquelas características que os facían modernistas e moi fermosos.



Edificio:	
Ende está?	
Que características ten?	
Que figuras geométricas ten?	

Recordades o caderno?



Pasárono moi ben, e foi unha experiencia enriquecedora.



De volta ás aulas cotexaron os seus apuntes e están facendo debuxos dos detalles modernistas que máis chamaron a súa atención.


**FERROL TEN MOITO QUE ENSSEÑAR!!!**  
**CORRE A DISFRUTALO!**





## CADA MES UN AUTOR

Coa idea de mover os fondos literarios da biblioteca naceu esta iniciativa de “cada mes un autor” para que a súa obra chegue ao maior número de alumnos. Neste curso presentáronse as obras dos seguintes autores: Roald Dahl, Anxela Loureiro, Gloria Sánchez, Xoán Babarro e Ana M<sup>a</sup> Fernández, agás o finado Roald Dahl, todos os demais viñeron compartir momentos literarios.



**ROALDDHAL**

**ANXELA LOUREIRO**



**GLORIA SÁNCHEZ**

**XOÁN BABARRO E ANA M<sup>a</sup> FERNÁNDEZ**



## PLAN ANUAL DE LECTURA no curso 2015/16

A lectura, ademais de sentila como un pracer, debemos pensar que é o medio a partir do cal adquirimos gran parte dos mecanismos de aprendizaxe que nos axudan ao desenvolvemento da nosa intelixencia e da convivencia cos demais.

A escolla de textos e de actividades de dinamización lectora ten como finalidade o fomento polo hábito lector, a utilización das bibliotecas e a formación integral do noso alumnado.

Pretendendo que:

- Aprendan a facer unha lectura reflexiva, interpretando e comprendendo textos de índole variada (novela, teatro, xornais, documentos...) e en soportes diferentes (impresos e electrónicos).
- Adquiran un vocabulario amplo, servíndose do manexo do dicionario para resolver dúbidas.
- Melloren a súa ortografía.
- Adquiran unha boa fluidez, lendo en voz alta, aprendendo a pronunciar con claridade e a modular a súa voz, sen perder a comprensión do texto.
- Aprendan técnicas para unha mellor expresión oral e escrita.
- Saiban buscar información en diferentes soportes, comparar e extraer os datos necesarios.
- En conclusión melloren nas súas competencias lingüísticas.

### DINAMIZACIÓN

Queremos que o noso alumnado ame a lectura por iso desenvolvemos actividades que lles resultaron atractivas. Para este curso levamos a cabo as seguintes:

- **Hora de ler**, todos os días da semana, durante 20m nos que se fixeron dende lecturas individuais, dirixidas (mércores poéticos para ler todos o mesmo poema que aparecerá na porta da aula polas mañás; recitalo, dramatizalo, memorizalo...), colectivas (libros fixados no itinerario lector), ata diferentes actos na biblioteca.
- **Hora da biblioteca**, cada titoría utilizou unha hora á semana para facer traballos de investigación, en grupos...
- **Empréstimo semanal**, realizado polo alumnado de 6º, baixo a supervisión do profesorado da biblioteca, no tempo de recreo.
- **Páxina web**, na que se reflicten todas as actividades feitas ou próximas a facer, aconsellándose lecturas relacionadas.

- **Mochila viaxeira**, canle entre o Centro e a casa para o fomento da lectura en familia. Permaneceu 15 días en cada casa. En Ed.Infantil estivo durante unha semana. En ambos casos case todo o alumnado solicitou levala e gozou do seu variado contido.
- **Lectura na rede**, seguíronse a manter as liñas de actuación de cursos pasados, (**lecturas on-line**). Traballos de investigación a través de páxinas webquest, blogues.
- **Encontros con escritores, ilustradores e escultores da localidade**, que lles axudaron a sentir o pracer pola escrita, a arte, servíndolles de aliciente para non ter medo a expresar os seus sentimento ou soños e a sentir a lectura dos libros deste autores máis próxima.
- **Actividades lúdicas e creativas**: xogos de rimas, adiviñanzas; facer marcapáxinas, pequenos textos para crear “o vermeño lector”...
- **Mercadiño de libros**:os libros expurgados da biblioteca, xunto cos aportados polas familias vendéronse nas horas do recreo e en dúas tardes, a prezo de 1€. O fondo foi doado para as vítimas da traxedia do Ecuador.
- **Vídeo-lectura**: “Do pracer de escoitar ao pracer de ler” proxectar contos para crear a ilusión por lelos despois.

## ITINERARIO LECTOR

Ao longo do curso, en todas as aulas, traballamos con libros de autores próximos a nós, que teñen relación co proxecto deste ano.

- En **E. Infantil**, traballouse a cotío a motivación á lectura, presentando e léndolles os libros que vaian sendo adquiridos pola biblioteca para a súa idade. Ademais daqueles relacionados coas temáticas das unidades didácticas que traballen.  
Creouse así un vínculo de motivación á lectura coas familias, mediante os empréstitos semanais (todos os nenos e nenas levan un libro á casa); tamén coas mochilas viaxeiras cheas de aventuras, xogos, cancións... que entusiasman a pequenos e grandes.  
Intentouse que gozaran coa escoita e representación dalgunha compañía de contacontos.
- En **E. Primaria**, xunto coas actividades de dinamización, escolléronse uns libros concretos que unido ao pracer e a aprendizaxe que a lectura proporciona, supuxo a posibilidade de ter contacto cos autores das obras.

**Velaí o lido neste curso dentro deste apartado.**



## ITINERARIO LECTOR 2015-16

EDUCACIÓN PRIMARIA				
	NIVEL	TÍTULO	AUTOR	EDITORIAL
GALEGO	1º e 2º	O lapis de Rosalía	Antón Cortizas	Ed. XERAIS
	1º e 2º	Coller as rendas	Yolanda Castaño	Ed. XERAIS
	3º	Xoa	Antonio Yáñez	Ed. XERAIS
	3º	Ota quere voar	Ánxela Loureiro	Ed. XERAIS
	4º/6º	Lendo lendas leo versos(Lendas de toda Galiza)	Antonio G.Teijeiro eAntonio Reigosa	Ed. XERAIS
	5º	A filla do ladrón de bicicletas	Teresa González Castro	Ed. XERAIS
	6º	Eu e nós durmindo nun garaxe	XoánBabarro	Ed. EMBORA
	6º	Quen vive aquí?	Ana Mª Fernández	Ed. GALAXIA
	6º	Lendase relatos ferrolans	Esperanza Piñeiro e Andrés Gómez Blanco	Ed. EMBORA
Castelán	6º	Un mar de leyendas	Esperanza Piñeiro	

O profesorado do 1º ciclo poñendo en práctica a actividade de **vídeo-lectura**, proxectará, textos, algúns deles descatalogados, pero cheo de gran beleza e fermosas mensaxes. A finalidade é que a visualización dos textos na gran pantalla lles anime a manipulación e lectura posterior do libro.

Facer fincapé como remate, que estes textos sinalados non limitaron a lectura doutros moitos textos con diferentes formatos que se inclúen no currículo e a liberdade do noso alumnado para elixir as súas temáticas favoritas, así como o soporte no que ler.


O mellor de todo foi que contamos con bastantes autores destes libros no propio centro, feito que enriquece a relación lector-libro, ao coñecer en primeira persoa como foron xurdindo os libros, as historias, as aventuras, os poemas ...

Estes días finais dedicarémolos a confeccionar unha guía lector para o verán e xa para o vindeiro curso.

**Engadimos aquí otríptico de Nadal de animación á lectura**


O de verán está en elaboración

### 3º CICLO, E. PRIMARIA



[Xogando con gatos](#) de Antón Cortizas  
Edt. Xerais. Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil, 2014

Constátase que hoxe en día os cativos e as cativas non brincan nin enredan coma se facía décadas atrás. É a mudanza dos tempos.




[Cantarolas](#) de Xosé Neira Vilas  
Edt. Kalandracka

Os primeiros doce poemas cos que empeza o libro son da autoría de Anisía Miranda e os vinte restantes de Xosé Neira Vilas. Son poemas de estruturas moi sinxelas, relacionados directamente na súa forma coa literatura popular e cheos de ritmo e musicalidade; descritivos ás veces e intimistas outros, amosan o grande amor á terra dos autores e son quen de toca-las cordas máis sensibles dos lectores e das lectoras.



[La historia de la moda en pegatinas](#)  
Editorial Usborne Ruth Brockehurst

Este álbum ricamente ilustrado inclúe montones de pegatinas de vestidos y complementos de todos los tiempos. Un libro hermoso e ideal para aprender cómo ha evolucionado la moda a lo largo de los siglos y quién ha marcado las tendencias.



[La isla del tesoro](#) de Robert Louis Stevenson  
Edt. Anaya  
El protagonista de este magnífico libro es un niño, Jim Hawkins. Su emocionante aventura comienza el día en que un viejo marino con la cara marcada por un sablazo llega a la posada de su padre. El cofre que transporta el desconocido contiene un extraño mapa, que Jim descubrirá por casualidad

## A NOSA GUÍA



*Iluminación navideña do Concello*



O SUIZO

Para coñecer a nosa biblioteca visitade a nosa

PÁXINA WEB

<http://centros.edu.xunta.es/ceipisaacperal>

Nela atoparedes multitude de

CONTOS E ACTIVIDADES

E non esquecervos de visitar o noso sitio

“QUE LEMOS”

onde están os libros recomendados para o

Nadal, a Paz, o Verán...

Tamén podeades LER NA REDE ou visitar a nosa

BIBLIOTECA VIRTUAL

PERALIÑO xa ten correo electrónico por se lle

queredes enviar suxestións

[bibliotecaisaacperal@gmail.com](mailto:bibliotecaisaacperal@gmail.com)



# CEIP ISAAC PERAL



## EDUCACIÓN INFANTIL




**POMPAS DE CORES** -Miguel Anxo Romero  
Ilustrador: Leandro Lamas Ed. EMBORA

Miguel Anxo preséntanos unha dúcia de fermosos poemas. Se observamos defidamente as ilustracións. Leandro Lamas non nos é descoñecido, e resultáanos sempre moi pracenteiro achegarnos as súas pinturas. Desta vez cada poema é unha obra mestra.



**UNHA EIRUGA MOI LARPEIRA** –ERIC CARLE  
KALANDRAKA EDITORA

Intrépido percorrido polos días da semana, os números e un amplo variado de froitas e outros manxares larpeiros cos que a eiruga leva tal empacho que non recupera ata a metamorfose.



**EL PEQUEÑO DROMEDARIO**  
MARGARET WILD – KALANDRAKA


El pequeño dromedario está crecendo y la bellísima zona del desierto en la que vive con su madre se le está quedando un poco pequena. Mamá dromedario siempre le ha contado las maravillas que hay más allá de las dunas y un día decide que su pequeño necesita ver los nuevos horizontes que ella le describe. Juntos emprenden ...



**EL OTOÑO DEL ÁRBOL CASCARRABIAS**  
JORDI SIERRA I FABRA. ED. BRUÑO

Todos los que conocían al árbol de la calle de la Paz sabían que era un cascarrabias y se quejaba por todo...

## 1º CICLO, E. PRIMARIA




**BRINCA VAI!** Paco Nogueiras  
David Pintor José Miguel Sagüillo (Sr. Sagüillo)

Doce cancións para doce meses, na escola e mais no fogar: a natureza, a amizade, as nosas festas, os libros... cantando e bailando ritmos contemporáneos de xeito lúdico. Con divertidos vídeos musicais e contidos adicionais



**Acuario1** María Canosa Blanco / Dani Padrón. Edicións Embora.



**Acuario 2** María Canosa Blanco / Dani Padrón. Edicións Embora.


Poemas de mares, océanos, ríos ... e dos seus habitantes



**EL LÁPIZ DE ROSALÍA** – ANTÓN CORTIZAS  
BARCO DE VAPOR S.M.

Rosalía está muy contenta porque tiene un lápiz nuevo y especial para niñas de seis años. Pero cuando tiene que escribir en el colegio, el lápiz no escribe lo que dicta la profesora, por lo que recibe más de una buena regañina. Hasta que la profesora se da cuenta de que es el lápiz el desobediente y no la niña....

## 2º CICLO, E. PRIMARIA




**VAIA TROPA!** - ANTÓN CORTIZAS  
XERAIS, 2011

Vaia tropa! é un libro de poesía do absurdo, do sen sentido, e está pensado para ser lido de formas diversas. Hai poemas que terás que ler de esguello e outros precisas usar un espello e así poder ler do verso o reflexo.



**TODAS AS RESPONSTAS ÁS PREGUNTAS QUE NUNCA TE FIXECHES** – PHILIPPE NESSMANN  
KALANDRAKA

Un libro para descubrir o que, como, cando, onde e porqué do que nos rodea: Os inventos que contribuíron a mellorar a nosa calidade de vida, os nomes cos que denominamos os países, os motivos polos que se lembran certas datas importantes...



**PLATERO Y YO CONTADO A LOS NIÑOS**  
Juan Ramón Jiménez [Edebé]

Es la historia de la vida y entrañable amistad entre el burrito Platero y su inseparable compañero de viaje, que narra una serie de anécdotas cotidianas relacionadas con la naturaleza, la vida misma y hasta la muerte.



**LAS HIJAS DE TUGA** RICARDO GÓMEZ  
ALFAGUARA

Este libro es la continuación de La selva de los números, que tanto ha gustado a niños y a grandes.

## 4 - GRAO DE IMPLICACIÓN DO CENTRO E DA COMUNIDADE EDUCATIVA

### Práctica cotiá

- ✓ Equipo directivo: Dende antes da nosa entrada no Plambe, os membros que integraron este equipo e os actuais, sempre estiveron implicados no desenvolvemento das boas prácticas da biblioteca, axudando na reforma, catalogación, horarios axeitados, etc. Coordinándose todas as actividades no grupo de Comisión Pedagóxica. A súa implicación é absoluta.
- ✓ Profesorado: Participa na súa totalidade (somos 32 mestres) das actividades propostas. Aínda que ás veces por falta de tempo e debido ao nº elevado de alumnos, hai certas dificultades para cumprir cos prazos, e pódese ter a sensación de andar coa lingua de fóra, sempre colaboran todos.
- ✓ Alumnado: Gusta moito de participar nas actividades. A través das mesmas aprendeu a investigar, crear, coñeceu persoas da vida artística e literaria, acercouse a súa cidade. Case a totalidade do alumnado (450) levan as súas casas a mochila viaxeira. Tamén colaboran de bo grado nos empréstitos e orden da biblioteca.
- ✓ Familias: Tanto a directiva do ANPA, como o restante membros da Comunidade Educativa, interésanse polas actividades da biblioteca, participando en todas aquelas nas que se solicita a súa colaboración. Este curso non se fixo mercadiño do libro, decidindo pospoñelo para o inicio do curso. Este curso no mercadiño de libros.
- ✓ Grupo dinamizador: Compóñeno un ou máis profesores de cada ciclo. Implicados ao 100% na procura de actividades que fomenten a lectura. Lévese a cabo un traballo en equipo, unificando criterios e intentando repartir as tarefas segundo as calidades e capacidades de cada un. Todos/as son titores/as, con horario completo, xa que nas horas que imparten os especialistas deben cubrir gardas ou facer apoios. Así que todo o traballo deste departamento fanse, en case a súa totalidade, na casa ou vindo ao Centro polas tardes.

Compoñen o equipo:

<i>Nome e Apellidos</i>	<i>Situación Administrativa</i>	<i>Etapa / Ciclo</i>
<i>M<sup>a</sup> Isabel Cajide Pedreira</i>	<i>P. Definitivo</i>	<i>5º E.Primaria</i>
<i>Dalia Abella Pérez</i>	<i>P. Definitivo</i>	<i>4º E.Primaria</i>
<i>M<sup>a</sup> Dolores López Espiñeira</i>	<i>P. Definitivo</i>	<i>4º E.Primaria</i>
<i>Fernando García Fernández</i>	<i>P. Definitivo</i>	<i>1º E.Primaria</i>
<i>Margarita Martínez Bouza</i>	<i>P. Definitivo</i>	<i>5º Ed. Infantil</i>
<i>Ana VallePuente</i>	<i>P. Definitivo</i>	<i>6º Ed. Infantil</i>
<i>J. Luís Docampo Amoedo</i>	<i>P. Definitivo</i>	<i>Ed. Física (Coord)</i>
<i>Pilar Rodríguez Carrasco</i>	<i>P. Definitivo</i>	<i>6º E.Primaria</i>
<i>Ana Trastoy Cuba</i>	<i>P. Definitivo</i>	<i>2º E.Primaria</i>
<i>M<sup>a</sup> Leonor Janeiro Lombos</i>		<i>Prof. Relixión</i>



## Contidos curriculares

Tanto o proxecto coma as actividades que se desenvolven na biblioteca axústase aos contidos propios das idades do noso alumnado.

O noso cometido é o fomento da lectura a partir dun proxecto que xere interese, motive a investigación e aprendizaxe.

O profesorado, coñecedor das liñas de actuación, procura elaborar a súa programación adaptándoa as actividades que se van realizar, sendo parte dos contidos curriculares do curso.

## Acceso á información

O nosos cometido é:

- O fomentado uso de todos os medios que a biblioteca ten, tanto libros como material informático.
- Poñer a disposición de aqueles alumnos/as con NEE os medios necesarios para que acaden os obxectivos.
- Por medio da páxina web e dropbox acceder á información de datos para a realización das actividades e obter material: cancións, plantillas, lecturas escaneadas...
- Por a súa disposición outras páxinas web ou blogues dos que obter información, actividades LIMS... **Temos que agradecer neste aspecto, o enorme labor divulgativo que fan os centros PLAMBE, poñendo a disposición de todos, os seus traballos.**

## Competencias básicas

O uso de todos estes recursos basease na procura da adquisición das competencias básicas. Unha formación integral do noso alumnado que axude ao desenvolvemento das intelixencias múltiples.

## Proxecto lector

A biblioteca intenta achegar ás aulas todas as novidades literarias que se adquiren para seguir a desenvolver e ampliar o noso itinerario lector.

Para este proxecto acercouse o alumnado ás rúas ferrolás, a libros de lendas da zona e a autores e escultores que traballaron con esta temática.

**Este curso tamén podemos afirmar que unha das actividades máis agardadas polo noso alumnado: **O encontro con escritores foi un éxito!****

## 5 - ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

O profesorado do Equipo de Dinamización da Biblioteca, participou nas seguintes actividades de formación.

- Encontros dos Centros Plambe 2015 – 2016 en Santiago (asistiu o coordinador).
- O profesorado do grupo de Biblioteca ao longo do curso participou en dous grupos de traballo: Páxina Web e Traballo por proxectos. **Dalia, Ana e Luis.**

## 6 - MATERIAIS PRODUCIDOS

Neste curso elaboráronse:

- **As guías de lectura** de Nadal e a do verán.
- **A páxina web** do Centro actualízase con toda a información relativa ás actividades propostas e as feitas.
- *Invítase á lectura facendo enlaces a contos que hai na rede.* <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/>
- Créanse **murais** relativos ao noso proxecto e outras actividades, onde o alumnado estivo moi implicado.
- **Elaboración en powerpoint** da presentación do proxecto.
- **Exposicións** dos traballos relacionados co noso proxecto





## MIRA FERROL QUE BONITO É!

A ACTIVIDADE DERRADEIRA DOS NOSOS TRABALLOS DA BIBLIOTECA O LONGO DESTE CURSO E A EXPOSICIÓN SOBRE FERROL. NELA DESCUBRIRÁS MOITAS CURIOSIDADES FERMOAS QUE NOS AXUDARÁN A VALORAR MÁIS A NOSA CIDADE. OBSEVAREMOS COMO ERA O NOSO PASADO RECENTE, VALORAREMOS O PRESENTE E CAMIÑAREMOS CON OPTIMISMO CARA O FUTURO.

**DESCUBRIRÁS QUE FERROL E UNHA CIDADE FERMOA CHEA DE MÁXIA E MISTERIO.**

AGORA MOSTREMOSCHE ALGO SOBRE A NOSA EXPOSICIÓN, PERO MOITO MELLOR É QUE NOS VISITES. RECIBIREMOSTE COS NOSOS BRAZOS ABERTOS.



## A ALAMEDA DE SUANZES.

ERA A ZONA VERDE MÁIS ANTIGA DE FERROL. UN PASEO DE 535 METROS DE LONXITUDE. TRANSCORRIA DENDE O BARRIO DA MAGDALENA ATA O ARSENAL. EN 1858 DESTRUÍRONSE MOITAS DESTAS ÁRBORES CENTENARIAS POLA AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS MILITARES.

SABÍAS QUE AS ÁRBORES QUE HAI NO FRONTAL DO COLEXIO PERTENCEN A ESTA ALAMEDA ? COIDEMOS MOITO ESTAS ÁRBORES POIS ACOMPAÑAN-NOS DENDE HAI MÁIS DE 200 ANOS!



## CASA ROMERO.





## 7 - AVALIACIÓN

➤ A avaliación do noso proxecto e de todas as actividades de dinamización faise dun xeito continuado e case inmediato, ao finalizar cada actuación. Nas reunións de ciclo ou nas da Comisión Pedagóxica recóllense as valoracións, suxestións, defectos atopados que se levan á reunión semanal do grupo de biblioteca. De aí a razón de que non se fagan enquisas ao final de curso do noso proxecto. As conclusións son as seguintes:

En canto ao proxecto, avalíase positivamente. Todo o profesorado estivo interesado no mesmo, de aí que por acordo unánime se decidira continuar cun similar para o curso seguinte **FERROLEANDO POLA IGUALDADE**", cuxo obxectivo xeral será educar na igualdade e no respecto ao noso alumnado.

En canto ás actividades realizadas gustaron pola súa variedade e o seu enfoque motivador a partir das lectura de presentación, empregando como guía aos Bolechas coa obra "Un amor en Ferrol" e libros de lendas como: "Un Mar de Leyendas", "Lendo lendas digo versos".

Polas saídas pola cidade e polos encontros cos autores e escultores.

➤ Por todo isto extraemos que o traballo foi:

- Moi coherente co proxecto e motivador.
- De boa calidade.
- Fomentou a lectura por medio de textos adaptados ao noso proxecto.
- Fomentou actitudes e valores de colaboración, traballo en equipo, respecto pola arte, desenvolvemento do sentido da estética e a beleza.

➤ Dificultades atopadas:

- Realización de actividades conxuntas con os 450 alumnos/as.
- Tempo para a preparación e organización das actividades.
- Tempo para a catalogación de todo o material que se adquire. Seguimos insistindo en crear a figura do bibliotecario escolar, que para iso existen os especialistas en Biblioteconomía.



## 8 – PROPOSTAS DE FUTURO

Pretendemos seguir a formar cidadáns libres, con espírito crítico, amantes da lectura e defensores da igualdades entre os seres humanos:

- Potenciación de actitudes e valores.
- Favorecer no alumnado a construción dunha identidade non sexista e non violenta, por medio da lectura.
- Impulso do uso das novas tecnoloxías como fonte de información e aprendizaxe.
- Realización de actividades dinamizadoras que axuden a desenvolver as súas competencias. Destacaríamos:
  - Fixar actividades semanais ou mensuais para todo o curso que xeren hábitos lectores. De aí a importancia do plan lector e dentro del os mércores poéticos.
  - Sacar a lectura fóra da biblioteca mantendo a actividade “Cada mes un autor”.
  - Visitar bibliotecas públicas ou librerías.
  - Proxección de vídeos lecturas (escoitar e máis ler).
- Atención as demandas de cada ciclo ou área.
- Colaborar cunha institución ferrolá que dedique os seus esforzos a prestar servizos a persoas que o necesitan (por exemplo a "cociña económica").
- Implicar no programa ás familias dun xeito activo e sensible á temática coeducativa.
- Seguir a elaborar murais, guías...
- Continuación no grupo PLAMBE da comarca como medio de cohesión entre centros e enriquecemento.



# ESTADÍSTICA LIBROS MÁIS LIDOS NESTE 2015/2016

Software © Meiga 08/06/2016  
CEC084 CEIP Isaac Peral

Software © Meiga 08/06/2016  
CEC084 CEIP Isaac Peral

## ESTADÍSTICAS DE ADQUISICIONS POR MATERIA. Dende 25/10/2015 Ata 08/06/2016

Descrición	NºFondos	%
Literatura infantil-Narrativa	5	6,1
Cancións infantís galegas	4	5,0
Música galega	4	5,0
Música Galega	4	5,0
Cancións infantís galegas	4	5,0
Gatos	3	3,8
Aventuras	2	2,5
HISTORIA	2	2,5
Animales	2	2,5
Pintura	2	2,5
Cómics	2	2,5
Amistad	1	1,3
Arte	1	1,3
Paz	1	1,3
Rimas infantís	1	1,3
Viajes-cuentos	1	1,3
Amizade	1	1,3
Poesías infantís	1	1,3
Relación niño-adulto-novelas	1	1,3
Nadal	1	1,3
Animais	1	1,3
Paz	1	1,3
Pintura-novelas	1	1,3
Pandillas-novelas	1	1,3
Poesías infantís	1	1,3
Matemáticas-cuentos	1	1,3
Rimas infantís - Cuentos	1	1,3
Viaxes-Contos	1	1,3
Sentimientos-novelas	1	1,3
Astérix (Personaxe de ficción)	1	1,3
Amistad-novelas	1	1,3
Pintura de retratos	1	1,3
Arte	1	1,3
Humor-Contos	1	1,3
Escuelas-novelas	1	1,3
Literatura infantil-Narrativa-en castelán	1	1,3
Dictadura-novelas	1	1,3
Maestros-novelas	1	1,3
Intertextualidad-novelas	1	1,3
Barrio da Magdalena-Ferrol	1	1,3
Madurez-novelas	1	1,3
Rimas infantís	1	1,3
Guiñol	1	1,3
TEATRO	1	1,3
Cuentos populares	1	1,3
Arte	1	1,3
Libros infantís e juvenís -- (B) Para 6-7-8 anos	1	1,3
Castillos	1	1,3
Matisse, Henri (	1	1,3
Libros infantís e juvenís -- (B) Para 6-7-8 anos	1	1,3

## ESTADÍSTICAS DE ADQUISICIONS POR CDU. Dende 25/10/2015 Ata 08/06/2016

Descrición	NºFondos	%
087.5	21	16,7
087.5:82	16	12,7
32-3:087.5	7	5,6
33:087.5	5	4,0
82-36	4	3,2
82-3	4	3,2
78:087.5	4	3,2
821.134.2-32"19"	4	3,2
087.5:821	3	2,4
821.111-3"19"	3	2,4
82 (v)	3	2,4
82-1:087.5	2	1,6
82-34	2	1,6
821.133.1-91"20"	2	1,6
087.5:821.134.2-1"20"	2	1,6
82:087.5	2	1,6
82-37	2	1,6
821.112.2-32"19":087.5	2	1,6
860-31"19":087.5	2	1,6
82-35	2	1,6
087.5:82-3	2	1,6
82-31	2	1,6
821.111-31"19"	2	1,6
841	2	1,6
37.04-053.2	1	0,8
087.5:82-32	1	0,8
616.89-008.48-053.5	1	0,8
846	1	0,8
087.5:82-1	1	0,8
83:58	1	0,8
835:087.5	1	0,8
81 (r)	1	0,8
821.134.1-1"20":087.5	1	0,8
821.111-3"19"(02.053.2)	1	0,8
820-32"18"	1	0,8
821.140"02-191"-05":087.5	1	0,8
821.134.2-312.9"20"	1	0,8
821.134.2-32"19"(0.053.2)	1	0,8
39 Etnoloxía. Etnografía. Folclore. Usos e costumes.	1	0,8
833 (r)	1	0,8
821.134.4-31"20"	1	0,8
839.3-3"19"(024.7)	1	0,8
82-1	1	0,8
159.922.71.8	1	0,8
85:087.5	1	0,8
821.111(73)-3"19"	1	0,8
821.134.3"19"	1	0,8
820-31"18"=20	1	0,8
821.134.2 Literatura castelá	1	0,8
159.922.7	1	0,8



*Fables más aprestadas*

ANTON E POMPON, AS SENSACIONES	12	1,7
ELMER, OUTRA VEZ	12	1,7
O SENOR E A FOLLA	12	1,7
A RATINA PRESUMIDA	12	1,7
¿ Quién conduce?	12	1,7
ANTON E POMPON, OS CONTRARIOS	12	1,7
O SEGREDO DE FLORA	11	1,6
El camino del sol	11	1,6
ANTON E POMPON, COMPARACIONES	11	1,6
CONFUNDIDO AS HISTORIAS	11	1,6
ANTON E POMPON, AS CORES	11	1,6
¿ Que lle ten medo á araña?	11	1,6
HILDERITA E MAXIMITIANO	11	1,6
CHICOS X CHICOS	10	1,4
COMO PARA CONTAR MENTRES SE COME UN OVO FRITO	10	1,4
AREO DA LUA	10	1,4
O loro Laretas	9	1,3
TITO FAI DE DONADOR	9	1,3
DE QUE COLOR ES TI?	9	1,3
O GATO LAMBON	9	1,3
Unha ciruga moi larpeira	9	1,3
Junie B.Jones tiene un admirador secreto	9	1,3
A QUE SABE A LUA?	9	1,3
CONTIN, CONTIN	9	1,3
A TOUPERA QUE QUERIA SABER QUEM LLE FIXERA AQUILO NA CABEZA	9	1,3
El ceceoño elefante y las noches sin luna	9	1,3
FAMILIA	9	1,3
AS DÚAS CASAS DE ALICIA	9	1,3
Boca cerrada	8	1,1
Meu pai é estuendo	8	1,1
A GUERRA DOS NUMEROS	8	1,1
El tesoro del pirata fantasma	8	1,1
UNHA FAMILIA NORMAL	8	1,1
ANTON E POMPON, AS FORMAS	8	1,1
OS DE ARRIBA E OS DE ABAIXO	8	1,1
Junie B.Jones peluquera	8	1,1
El buen bucanero	8	1,1
Papá, por favor, achégame a lúa	8	1,1
¿ Que lle ten medo á bruxa?	8	1,1
Pequechos das montañas	8	1,1
GRISOLA	7	1,0
Un doux tres que ves?	7	1,0
Sofía, la golondrina	7	1,0
O POLINO DA ABELEIRA	7	1,0
BAILAR NAS NUBES	7	1,0
Junie B.Jones y el autobus apestoso	7	1,0
La vaca condesa	7	1,0
Junie B.Jones es una bocazaa	7	1,0
MARIA	7	1,0
Pequechos da selva	7	1,0
Junie B.Jones y Warren el superguapo	7	1,0
Tiene un hermano monísimo	7	1,0
Junie B.Jones va de boda	7	1,0
El fantasma del metro	7	1,0
Unha casa a medida	7	1,0
Pequechos das praderias e das sabanas	7	1,0
A MERLIÑA	6	0,9
Diario de Greg	6	0,9
Onde viven os monstros	6	0,9
A CASA MAIS GRANDE DO MUNDO	6	0,9
Co dedo no nariz	6	0,9
Junie B.Jones no es una ladrona	6	0,9
Junie B.Jones y el monstruo bajo la casa	6	0,9
119 enigmas para el 2014	6	0,9
La caserita más loca del mundo	6	0,9
La abuela tiene una medicina	6	0,9
OS PETOS DE LORETO	5	0,7
Cuatro ratones en la selva negra	5	0,7

¡YA TE DARE YO KARATE!	5	0,7
¡ Por mil quesos de bola -- he ganado la lotorratón!	5	0,7
O PATIÑO FEO	5	0,7
Marcopola, A illa remeira	5	0,7
MI NOMBRE ES STILTON, GERONIMO STILTON	4	0,6
Kika superbruja en busca del tesoro	4	0,6
A Amora na silva	4	0,6
XIL MONIZ	4	0,6
El extraño caso de la rata apestosa	4	0,6
¡ Menudo canguelo en el Kilimanjaro!	4	0,6
A VIAXE DE PANCHO	4	0,6
Disney Art Attack	4	0,6
CUATRO RATONES EN EL SALVAJE OESTE	4	0,6
UN REGALO PARA PAPA NOEL	4	0,6
Memorias de Idhún	4	0,6
Los reptiles	4	0,6
Junie B.Jones es una espía	4	0,6
Junie B.Jones capitana de su clase	4	0,6
Nunca jamás comeré tomates	4	0,6
EL PIRATA DIENTEDEORO	4	0,6
El día que los animales hablen	4	0,6
Abecebuchos	4	0,6
El pequeño soldado	4	0,6
A GRAN VIAXE DO SENOR M.	4	0,6
Marcopola, A illa remeira	4	0,6
¡UN SUPERRATÓNICO DÍA ,, DE CAMPEONATO!	4	0,6
Junie B.Jones y el pastel peligroso	4	0,6
BLOBLO	4	0,6
VESTIDA CO ARCO DA VELLA	4	0,6
En la montaña	4	0,6
HALLOWEEN...¡QUÉ MIEDO!	4	0,6



XUSTIFICACIÓN ECONÓMICA PARA O PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES EN CENTROS PÚBLICOS DE  
TITULARIDADE DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE							
RAZÓN SOCIAL						NIF	
CEIP ISAAC PERAL						Q1580007A	
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA		NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
AVENIDA		MAC MAHÓN		S/N			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
15403	CORUÑA (A)	FERROL		FERROL			
TELÉFONO		FAX	CORREO ELECTRÓNICO				
881930221			ceip.isaac.peral@edu.xunta.es				
CÓDIGO DO CENTRO		Nº DE ALUMNOS/AS	Nº DE UNIDADES				
15006845		450	18				

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
Mª JOSÉ	PIÑEIRO	ABELEDO	32636496W
EN CALIDADE DE			
DIRECTORA			

TIPO DE CENTRO	
<input type="radio"/> Centro incorporado ao programa en convocatorias anteriores (indicar)	PLAMBE 3 - CURSO 2007-2008
<input type="radio"/> Centro incorporado ao programa no curso 2015/16	
Cantidade total asignada .....	1.050
Total gasto en fondos documentais .....	1.050
Fondos documentais impresos, electrónicos, audiovisuais, multimedia .....	
Subscripcións a publicacións periódicas en calquera soporte .....	
Mobiliario específico para a biblioteca escolar .....	
Outros equipamentos imprescindibles para o funcionamento da biblioteca escolar .....	
Gasto en funcionamento da biblioteca escolar .....	

**CERTIFICA**  
Que as cantidades arriba indicadas foron investidas na súa totalidade en actividades xeradas pola biblioteca escolar, en mobiliarios, equipamentos e fondos documentais xestionados de forma centralizada polos seus responsables, tal e como se recolle na convocatoria do Plan de mellora de bibliotecas escolares, quedando arquivadas no centro as facturas correspondentes, á disposición dos órganos de fiscalización e control.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**  
Orde do 30 de marzo de 2015 pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade desta consellería para o curso 2015/16.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE	
Lugar e data	
FERROL	, 10 de XUÑO de 2016

## **NOTA**

**No CD pódese visualizar:**

- **Memoria Plambe**
- **FERROL QUE BONITO É !**
- **Os bolechas en Ferrol**
- **Visitando Ferrol**
- **Triptico Nadal 2015**